

NOVAS DE MESÍA



CULTURA E DEPORTES

Actuación

Charo Pita fará un contacontos para os nenos de infantil e primaria no CPI de Xanceda o 21 de decembro.

Paxe Real

Un paxe real visitará aos nenos/as de infantil e primaria do CPI de Xanceda, Unitarias de Olas, Visantofña e Mesía o día 21.

O Paxe Real recollerá as cartas para os Reis Magos e daralles caramelos a todos/as os/as nenos/as.

Obradoiros culturais e xogos

Días: mércores 28 e xoves 29 de decembro.

Horario: 10:30 a 13:15 h. **Lugar:** Casa da Cultura.

Idades: de 3 a 12 anos.

Características: faremos adornos de Nadal, xogos con paracaídas, xogos en grupo, etc.

Prezo: actividade gratuíta.

Campus de fútbol 7 Coca-cola

Días: 28 e 29 de decembro. **Horario:** 16:00 a 18:00 h

Lugar: campo de fútbol herba de Visantofña.

Idades: de 7 a 16 anos.

Características: en dous grupos de idade xogaremos e faremos exercicios de mellora técnica e táctica de fútbol.

Prezo: actividade gratuíta.

Baila, móvete, pásao ben

Días: mércores 4 de xaneiro.

Horario: de 11:00 a 12:30 h.

Lugar: Casa da Cultura. **Idades:** de 9 a 16 anos.

Características: faremos coreografías de baile en grupos con música moderna. Tamén podedes traer música vós e inventaremos unha coreografía entre todos.

Prezo: actividade gratuíta.

Os reis do cachibol

Día: xoves 5 de xaneiro **Hora:** de 11:00 a 13:00 h.

Lugar: pavillón de Olas

Imos xogar ao cachibol en familia, polo que podedes vir acompañados/as dos/as vosos/as fillos/as e netos/as ou outros familiares e veciños. Tamén faremos xogos populares.

Festa de Reis

Día: xoves 5 de xaneiro. **Lugar:** Pavillón de Xanceda.

Se este ano vos portastes ben, podedes pasar a recoller un agasallo que vos van traer Os Reis Magos de Oriente a partir das **16:30 h** no Pavillón de Xanceda. Con eles celebraremos unha festa con inchables, obradoiros de xogos, etc., e non faltará o tradicional roscón de reis.

MOI IMPORTANTE: para que os reis vos dean o agasallo tedes que **anotarvos antes do 30 de decembro** no teléfono 981 687 241.

Lambetadas para todos e agasallos só para nenos/as menores de 12 anos (incluídos).

SAÍDAS

Excursión á Coruña: Patinaxe sobre xeo e cine

Día: martes 27 de decembro.

Saída á Coruña para ir patinar sobre xeo ao Coliseum e pola tarde ir ao cine. Comeremos nun centro comercial (comida non incluída, podedes levala da casa ou collela no centro comercial). **Importante:** levar para a patinaxe luvas obrigatorias, pantalón e calcetíns de reposto.

Hora: saída ás 10:45 h desde a Casa da Cultura e regreso ao mesmo lugar ás 19:00 h aproximadamente.

Idade: calquera idade, agás para patinar que é a partir de 5 anos ata adultos. Os menores de 12 anos deberán ir cun adulto responsable deles, para o resto os pais terán que asinar unha autorización.

Prezo: Patinaxe: 3€ para todos; Cine: 3€ para os nenos empadroados, 5€ para os adultos empadroados e 8€ para as persoas non empadroadas. Pagaranse antes do día da saída.

Vai haber límite de prazas. Anotádevos canto antes!!

Último día para anotarse: 23 de decembro (recordade que o sábado 24 a Casa da Cultura non abre).

Saída ao Xuvenilugo (Lugo)

Día: martes 3 de xaneiro

Hora: sairemos da Casa da Cultura ás 15:00 h e regresaremos ao mesmo lugar ás 21:30 h.

Idade: todas as idades (menores de 7 anos acompañados dun adulto). Os menores de idade terán que traer unha autorización asinada polos pais.

Prezo: 3€ para os/as nenos/as empadroados/as. Os adultos empadroados pagarán 5€ e os nenos/as e adultos non empadroados pagarán 8€. Pagaranse antes do día da saída.

Características: o Xuvenilugo é un **salón de ocio infantil e xuvenil** situado no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Nel poderedes gozar de varias atraccións (tren da bruxa, saltamontes, camas elásticas, inchables, coches de choque, etc.) e actividades de animación (globoflexia, maquillase, karaoke, videoxogos, xogos tradicionais). Nestas atraccións poderedes subir cantas veces queirades. Tamén contan con minigolf, scaletrix e karts pero isto haino que pagar á parte. Para os máis pequenos (de 0 a 3 anos) hai un espazo infantil onde varias coidadoras se fan cargo deles.

Observacións: podedes levar un bocadillo para merendar e tamén hai alí onde comprar.

Inscripcións: na Casa da Cultura ou no teléf. 981 687 241.

Anotarse antes do 30 de decembro (recordade que o sábado 31 a Casa da Cultura estará pechada). **PRAZAS LIMITADAS!**

NOTA: agradeceríamos que, aquelas persoas anotadas a algunha actividade que non poidan acudir a ela, nolo comuniquen para darlle a opción de ir á xente en lista de espera.

EDUCACIÓN

Curso para obter o graduado en ESO.

O Concello de Mesía organiza un novo curso para obter o graduado en Educación Secundaria Obligatoria (ESO) dada a esixencia de ter este título para poder acceder a diferentes cursos formativos e a un posto de traballo.

O curso diríxese a todas aquelas persoas, maiores de 18 anos, que estean interesadas en obter este título. Necesitarase un mínimo de 20 persoas para levalo a cabo e avisarase aos interesados da data de inicio. O curso farase na Casa da Cultura. O prezo acordarase en función do número de inscritos e das horas que dure, estimando unha cota mensual entre 25-30 euros. O custo do curso será financiado polos usuarios e polo concello, xa que para o próximo ano a Xunta non convocará subvencións para a formación de adultos.

Recoñecemento de competencias profesionais en Atención sociosanitaria a persoas no domicilio e outras

A Dirección Xeral de Formación e Colocación publicou o día 30 de novembro do actual, no DOG núm. 229, unha convocatoria pública do recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación en "Atención sociosanitaria a persoas no domicilio" e outras. Fin do prazo para a presentación de solicitudes: 31.12.2011. Máis información no concello ou chamando ao 981 687 001.

IV TORNEO SOLIDARIO DE FÚTBOL SALA "MESÍA CONTRA O CANCRO"

Día: domingo 8 de xaneiro de 2012

Hora: de 10:00 a 14:30 h e de 15:30 a 20:00 h.

Lugar: Pavillón de Olas.

Este domingo conxugaremos deporte e solidariedade coa realización do IV Torneo de Fútbol Sala para recadar fondos a beneficio da Asociación Española Contra el Cáncer (AECC). Participarán 8 equipos masculinos e 4 femininos: os/as xogadores/as deberán ser maiores de 15 anos. Tamén haberá dous equipos de nenos de 3 a 6 anos. Anótate na Casa da Cultura co equipo, non é necesario estar federados.

Inscripción por equipo 50€.

Entrada público: 1€. Coa entrada daranse rifas para o sorteo dunha cesta.

IMPORTANTE: todos os cartos recaudados para este torneo serán doados a beneficio da Asociación Española Contra el Cáncer durante a entrega de trofeos ás 20:00 h.

Só con ir ao pavillón xa axudas!!

AVISOS

Punto limpo

Os cidadáns de Mesía xa poden utilizar desde o mes de novembro o minipunto limpo que o Concello acaba de instalar nun lateral da praza pública de Xanceda. Nel pódense depositar lámpadas de baixo consumo, pilas, cartuchos de impresora, móbiles e outros pequenos aparellos electrónicos, e casetes e discos cedé ou devedé. Son materiais que se poden separar previamente na casa e aproveitar calquera visita a Xanceda para desfacerse deles de maneira apropiada.

Roupeiro social

O Concello de Mesía pon en marcha "O roupeiro social", unha iniciativa para colaborar coa veciñanza máis necesitada do noso municipio. Este servizo consistirá:

-na recollida de roupa, calzado ou calquera outro obxecto que crean que pode ser útil para unha persoa necesitada;

-na entrega á persoa ou familia que o necesite;

Todo de xeito anónimo.

A entrega ou recollida da roupa ou outros obxectos farase no Departamento de Servizos Sociais.

Todo o material doado deberá estar en bo estado

Máis información no teléfono 981 687 238.

Horario da Casa da Cultura durante o Nadal

Os sábados 24 e 31 de decembro non estará aberta por ser Noiteboa e Fin de Ano respectivamente. Tampouco abrirá o xoves 5 de xaneiro pola tarde por ser a víspera do día de Reis e ter lugar a Festa de Reis no pavillón de Xanceda.

Expedición ou renovación do DNI

Un equipo móbil do DNI desprazarase ao Concello de Ordes os próximos días 6, 7, 8, 9 e 10 de febreiro. As persoas interesadas na expedición ou renovación do DNI poden pedir cita no Concello de Ordes (teléfono 981 680 002).

Subvencións

Plan Renove de Fiestras

O Instituto Enerxético de Galicia publicou no DOG núm. 235 do 12.12.2011 a convocatoria de axudas do Plan Renove de Fiestras. Fin prazo: 31 de outubro de 2012.

Proxectos de enerxías renovables

O día 13.12.2011 publicouse no DOG núm. 236 a convocatoria de axudas a proxectos de enerxías renovables (solar térmica, caldeiras de biomasa, fotovoltaica, ...). Fin prazo: 27 de xaneiro de 2012.

Máis información no concello ou no telf. 981 687 001.

Concello de Mesía, tlfno. 981687001
Casa da Cultura, tlfno. 981687241
Servizos Sociais, tlfno. 981687238

concellodemesia.es

